



Boletín Informativo do Concello



Nº: 55 FEBREIRO 2012

Avisos.

***Procesos selectivos Bolsa emprego Miniresidencia e Centro de Día.**

Ante as consultas sobre o acceso aos expedientes dos procesos selectivos para a creación das Bolsas de Emprego para a Miniresidencia e Centro de Día de Boimorto, en garantía do establecido no artigo 37 da Lei 30/92 de 26/11 de "Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del procedimiento administrativo común".

Infórmase aos interesados/as nos procesos selectivos que deberan **solicitar por escrito** o acceso aos respectivos expedientes, ós efectos de organización administrativa, garantindo así dito acceso e a custodia de documentación.

Servizos Sociais.

***Reunión informativa sobre axudas de Servizos Sociais.**

Infórmase aos veciños que o **vindeiro 17 de febreiro ás 11:00 h.** organizarase unha reunión na Casa da Cultura onde se explicará que **tipo de axudas** se poden solicitar en materia de **Dependencia e Servizos Sociais**, así como do futuro destas axudas a curto prazo.

Rogamos fagan difusión desta reunión e, así, facer participe desta información ao maior número de xente posible.

Deportes.

***PROGRAMA TERMALISMO SOCIAL:** os días nos que se viaxará ao Balneario de Guitiriz este mes son o 1 e o 8. O prezo é de 7 euros e os interesados deberán inscribirse no concello, así como levar bañador, gorro, toalla e chanclas. A hora de saída é ás 14:30 do Centro de Maiores.

***LIGA DE TIRO CON ARCO:** o sábado 11 terá lugar a 4ª xornada da Liga de Tiro con Arco. Os equipos de Boimorto sairán ás 15:30 horas do colexio para tomar parte na competición que se celebrará en Laracha.

***TORNEO DE ESCOLAS DE TIRO CON ARCO:** o sábado 25 terá lugar en Pontedeume o I Torneo "Concello de Pontedeume" de Tiro con arco. Os participantes da escola de Boimorto sairán ás 15:30 do colexio.

***LIGA DE FÚTBOL SALA DO DEPORTE ESCOLAR:** o calendario para este mes deixaranos os seguintes enfrontamentos: o día 3 Boimorto vs. Mesía no polideportivo de Olas (a hora de saída é ás 16:00 horas do colexio); o día 11 Boimorto vs. Melide no polideportivo melidense (hora de saída ás 10:30 do colexio); e por último o día 18 Boimorto vs. Toques xogando xa na casa (hora de comezo ás 11:00).

Técnico Local de Emprego.

***Promoción do emprego autónomo** (DOG nº 14 do 20 de xaneiro de 2012)
Beneficiarios: persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego

no Servizo Público de Emprego que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en traballadores/as autónomos/as ou por conta propia.

Tipos de axuda:

-Establecemento como traballador/a autónoma ou por conta propia.

-Subvención financeira de redución de xuros de préstamos, necesarios para a súa constitución como traballador/a autónomo/a.

- Para asistencia técnica.

- Para formación.

-Axuda excepcional para o financiamento dos primeiros gastos da actividade.

- Pola primeira contratación indefinida.

Cultura.

***Entroido 2012.**

Sábado 18 de febreiro ás 17:30 h. Baile de disfraces no Polideportivo municipal. Contaremos coa actuación dun dúo musical, animación infantil(inchable) e haberá chocolatada. Animamos a todos os veciños que veñan disfrazados e ao mesmo tempo colaboren neste baile traendo doces típicos para compartir con todos.

***Feira de Exposición Agraria**

A primeira fin de semana de marzo terá lugar unha exposición de maquinaria agrícola no Concello de Boimorto. Colaboran grandes e importantes empresas do sector, como son: Talleres Vicente, Comercial Boimil, Maquinaria agrícola Fariñas, Maquinaria Agrícola Noroeste, Agrícola Curtis SL, Maquinaria Agrícola Corbar, Talleres Santaballa, Maquinaria Agrícola Liste Villaverde, Agrafer Betanzos, Agromera...que exporán tanto maquinaria grande como pequena e de xardín.

Contos da Gándara

(LEMBRANZAS DOS NÓSOS MAIORES
E OUTRAS LERIAS)

A FEIRA DE BOIMORTO FAI ANOS...

A feira celebrábase o 14 e o 28 de cada mes. Comezaba sobre as 10 da mañá (a xente saía cos carros para vir á feira) e remataba polas 6 ou 7 da tarde.

Era feira de animais (vacas, porcos, ovellas, cabras, galiñas, becerros...) e despois había postos de roupa, froita, panadeiras, calzado...

Os postos empezaban xunto a fonte e remataban á altura onde hoxe está Caixa Galicia. Os gandeiros poñían os porcos pequenos onde hoxe está o parque e os porcos grandes detrás do estanco. As vacas, becerros e ovellas poñíanse no Campo da Feira (onde hoxe está a Casa da Cultura).

Os que viñan á feira (xente de Boimorto pero tamén de Melide, Arzúa, Présaras, Curtis...) ían comer ás casas de comidas que había en Boimorto: á casa de Cotón, á de Rico, á do Coxo (que é onde está hoxe a farmacia), á do Castelo, á de Ricardo do cruce e á de Vázquez.

... **E sabedes o conto dun matrimonio** que ía para a feira a vender o que podían, o home ía diante (cun cesto de ovos) e a muller detrás (cunha conexa). O home moi "espabilado" chegou antes pero deuse o caso de que o parou a garda civil á entrada da feira, non o deixaron pasar e leváronno preso. El estaba moi asustado e viu a unha persoa coñecida que ía de volta da feira para á casa e díxolle: "Se ves á miña Marica, dille que non veña para a feira que eu vou preso polos ovos e non vaia ser que a prendan a ela pola conexa".

Colaboradores: Celsa Andrade Garea, María Méndez Cotón, Ricardo García García e Teresa Agra Pampín.